






<p align="center">INFORME TEÓRICO-PRÁCTICO</p>	 <p>C.F. LACCO MÓD.: PROXECTO</p>	<p>DATA: 06/10/2017 PÁXINA 1/5 REVISIÓN Nº 2</p>
<p align="center">ÍNDICE</p> <p>01. Capacidades terminais e actividades formativas de referencia</p> <p>02. Obxectivos</p> <p>03. Desenvolvemento</p> <p>04. Temporalización</p> <p>05. Criterios de cualificación</p> <p>06. Responsabilidades</p> <p>07. Documentos Relacionados</p> <p>08. Fontes de Información Adicional</p> <p>09. Distribución</p>		
<p>Elaborado por: O PROFESOR</p> <p>Asdo: _____ Data: _____</p>	<p>Aprobado por: O PROFESOR</p> <p>Asdo: _____ Data: _____</p>	<p>Copia nº : _____ Recibida por: O ALUMNO</p> <p>Asdo: _____ Data: _____</p>

<p style="text-align: center;">INFORME TEÓRICO-PRÁCTICO</p>	 <p style="text-align: center;">C.F. LACCO MÓD.: PROXECTO</p>	<p style="text-align: center;">DATA: 06/10/2017 PÁXINA 2/5 REVISIÓN Nº 2</p>
<p>1. CAPACIDADES TERMINAIS E ACTIVIDADES FORMATIVAS DE REFERENCIA As reflectidas no currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior en Laboratorio de Análise e de Control de Calidade (http://www.edu.xunta.es/fp/familias-profesionais?familia=QUI&grao=S).</p> <p>2. OBXECTIVOS</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Desenvolver as capacidades terminais expostas nos apartados anteriores, mediante a elaboración pormenorizada dun estudo acerca das actividades a realizar, de acordo coas competencias do posto de traballo de Técnico Superior de Análise e de Control de Calidade, na sección e empresa escollida pola alumna. 2. Incorporar unha visión e aplicación de conxunto ós coñecementos adquiridos en tódolos módulos á realidade produtiva nunha empresa concreta. 3. Conseguir un mellor coñecemento das súas competencias xerais e específicas no exercicio da súa profesión: <ol style="list-style-type: none"> a) organización e vixilancia do traballo realizado polo persoal ao seu cargo; b) adaptación de instrucións escritas sobre procedementos de ensaio, análise e control de calidade de produtos; c) control do mantemento operativo ou preventivo realizado aos equipamentos e ás instalacións; d) realización e supervisión de ensaios e análise da calidade de produtos; e) emisión de informes e tratamento da información; f) elaboración de propostas de mellora continua para reducir gastos de reactivos, tamaño de mostras e tempo de control, así como para o aproveitamento do espazo compartido. 4. Integrar ordenadamente coñecementos sobre organización, características, condicións, tipoloxía, técnicas e procesos que se desenvolvan nas actividades produtivas do sector e, ao mesmo tempo, permita adquirir coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que favorezan ó desenvolvemento daquelas capacidades relacionadas coa profesión que, sendo demandadas polo contorno produtivo en que radica o Centro, non puideran ser recollidas no resto dos módulos profesionais. 5. Coñecer en todo momento cales son as limitacións das súas competencias: <ol style="list-style-type: none"> I. pode ser asistida en: <ol style="list-style-type: none"> a) posta a punto de técnicas para innovar, adaptar ou perfeccionar as existentes; b) autorización sobre a utilización de materias primas no proceso e decisión de rexeitamento de materiais de baixa calidade, así como homologación do provedor baixo criterios establecidos con outros departamentos; c) relación co departamento de produción para coordinar as tomas de mostras, a súa frecuencia e a comunicación dos resultados no tempo necesario; II. debe ser asistida en: <ol style="list-style-type: none"> a) mantemento preventivo e corrector dos instrumentos, os equipamentos e as instalacións da súa área de responsabilidade; b) intervencións, en casos necesarios, de bloqueo do proceso produtivo en función das desviacións observadas; c) realización de auditorías de calidade conxuntas con outros departamentos; 		

<p align="center">INFORME TEÓRICO-PRÁCTICO</p>	 <p>C.F. LACCO MÓD.: PROXECTO</p>	<p>DATA: 06/10/2017 PÁXINA 3/5 REVISIÓN Nº 2</p>
<p>d) elaboración de criterios económicos e produtivos aplicables á organización e xestión do laboratorio.</p> <p>6. Ter presente, debido ao anterior, a importancia de:</p> <ol style="list-style-type: none"> afrontar continxencias; a correcta dirección de tarefas, adaptándose ás novidades que se xeran como consecuencias dos cambios nas técnicas, na organización laboral, e nos aspectos económicos relacionados coa profesión; manter relacións fluídas cos membros do grupo funcional no que se está integrada; responsabilizarse da consecución dos obxectivos asignados ao grupo, respectando o traballo dos demais, organizando e dirixindo as tarefas colectivas cooperando na superación das dificultades que se presenten, cunha actitude tolerante cara ás ideas das compañeiras e das subordinadas. <p>3. DESENVOLVEMENTO</p> <p>1ª FASE: ELABORACIÓN INFORME TEÓRICO</p> <p>1.1.- <u>Obxectivo</u>: planificar a seguinte fase de carácter práctico.</p> <p>1.2.- <u>Contido</u>:</p> <ol style="list-style-type: none"> selección da empresa (preferentemente relacionada coa FCT); descrición breve do seu proceso produtivo, incluíndo a elaboración do seu diagrama, con indicación e información sobre das materias primas, produtos intermedios e produtos finais; situación do laboratorio no proceso e descrición do mesmo, tanto dende o punto de vista de organización/xestión como das súas características técnicas; selección dos parámetros a ensaiar/analizar (un mínimo de dous, de distinto tipo – físico, químico e/ou microbiolóxico), xustificando dita elección; selección e indicación da técnica oficial máis adecuada ao tipo de produto e ás características do ensaio requirido tanto para control como para certificación ou investigación; elaboración do índice do informe práctico. <p>1.3.- <u>Metodoloxía</u>: obter información na empresa da FCT; tamén consulta bibliográfica, internet,</p> <p>2ª FASE: DESENVOLVEMENTO E INFORME PRÁCTICO.</p> <p>2.2.- <u>Contido</u>: desenvolvemento do reflectido no Informe Teórico, con elaboración e entrega dun informe final, no que tamén se deberá:</p> <ol style="list-style-type: none"> desenvolver as características do ensaio/análise requirido para control, certificación e/ou investigación; estabelecer as propiedades físicas, químicas e/ou biolóxicas da mostra para o seu control de calidade; consultar normas oficiais para ensaios/análises de certificación e os protocolos nos ensaios/análises de control; seleccionar o método utilizable no ensaio/análise segundo os medios dispoñíbeis no laboratorio; unha vez seleccionada a técnica máis axeitada no proxecto: <ol style="list-style-type: none"> realizar a mostraxe baixo normas de control de calidade e representatividade; adaptar a mostra ás condicións do ensaio; etiquetar a mostra para a súa correcta identificación; seleccionar equipamentos e instrumentos, e comprobar o seu 		

INFORME TEÓRICO-PRÁCTICO	 C.F. LACCO MÓD.: PROXECTO	DATA: 06/10/2017 PÁXINA 4/5 REVISIÓN Nº 2										
<p>funcionamento para facer óptimos os resultados;</p> <p>5.- calibrar e axustar os instrumentos ás necesidades do ensaio físico, químico ou biolóxico, segundo a normativa;</p> <p>6.- recoller datos e efectuar cálculos para interpretar e avaliar os resultados.</p> <p>2.3.- <u>Metodoloxía</u>: individual, coa supervisión tanto do profesor responsable do módulo como doutros membros do equipo docente.</p> <p>2.4.- <u>Avaliación</u>: individual, consistente na cualificación do informe teórico-práctico e da súa defensa diante do equipo docente (presentación).</p> <p>4. TEMPORALIZACIÓN</p> <p><i>1ª FASE</i>: dende o inicio da FCT até o venres 04 de maio, ás 15:00 horas.</p> <p><i>2ª FASE</i>:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración informe práctico: durante a realización da FCT. - Entrega do informe teórico-práctico (soporte papel ou electrónico): ate o luns 10 de xuño, ás 18:00 horas. - Exposicións: 21 e 22 de xuño (previsión). <p>5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN</p> <p>Criterios e puntuacións máximas:</p> <table border="0" style="width: 100%;"> <tr> <td>- Grao de consecución dos obxectivos deste módulo</td> <td style="text-align: right;">4,0 puntos</td> </tr> <tr> <td>- Estrutura</td> <td style="text-align: right;">1,0 puntos</td> </tr> <tr> <td>- Presentación</td> <td style="text-align: right;">1,0 puntos</td> </tr> <tr> <td>- Coñecemento, defensa</td> <td style="text-align: right;">2,0 puntos</td> </tr> <tr> <td>- Complexidade e grao de dificultade</td> <td style="text-align: right;">2,0 puntos</td> </tr> </table> <p>A cualificación final será a media aritmética das puntuacións do equipo docente, eliminadas as extremas (a máis baixa e a máis alta).</p> <p><u><i>O proxecto deberá ser orixinal, polo que calquera copia ou plaxio será desestimado e cualificado con 0,0 puntos.</i></u></p> <p>6. RESPONSABILIDADES</p> <p>6.1.- Do alumnado: elaboración e defensa dos informes segundo as pautas indicadas, e entrega dentro do prazo establecido.</p> <p>6.2.- Do profesor: asesoramento ao alumnado no proceso de elaboración dos informes, e posterior avaliación do mesmo.</p> <p>7. DOCUMENTOS RELACIONADOS</p> <p>Decreto 221/2008, do 25 de setembro (DOG núm 195, 08/10/2008) e disposicións que o desenvolven e/ou complementan.</p> <p>8. FONTES DE INFORMACIÓN ADICIONAL</p> <p>8.1.- Administracións Públicas competentes na materia.</p> <p>8.2.- Publicacións oficiais (DOUE, BOE, DOG, ...).</p> <p>8.3.- Empresas privadas relacionadas coa materia.</p>			- Grao de consecución dos obxectivos deste módulo	4,0 puntos	- Estrutura	1,0 puntos	- Presentación	1,0 puntos	- Coñecemento, defensa	2,0 puntos	- Complexidade e grao de dificultade	2,0 puntos
- Grao de consecución dos obxectivos deste módulo	4,0 puntos											
- Estrutura	1,0 puntos											
- Presentación	1,0 puntos											
- Coñecemento, defensa	2,0 puntos											
- Complexidade e grao de dificultade	2,0 puntos											

<p align="center">INFORME TEÓRICO-PRÁCTICO</p>		<p>C.F. LACCO MÓD.: PROXECTO</p>	<p>DATA: 06/10/2017 PÁXINA 5/5 REVISIÓN Nº 2</p>
<p>9. DISTRIBUCIÓN A todas e cada unha das alumnas do ciclo formativo Laboratorio de Análise e Control de Calidade con avaliación positiva en todos os módulos previos á FCT, mediante acceso á Aula Virtual do Centro (https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmonchovalcarce/aulavirtual2/).</p>			